

TASK 1: “Greeting the teacher and classmates” (Writing: email)

Instructions for the task

O traballo final (**outcome**) desta primeira tarefa (**Task 1**) é un email coa vosa presentación (non esquezades o formato e as expresións típicas que vimos en clase e que tedes no pdf **Informal emails: openings and closings** que está na sección **Class resources** de **Learning to Learn**). Debaixo da introdución ao noso curso, tedes o **Introduction Forum (Foro de presentacións)** que servirá para que escribades o email.

Como este email tedes que escribilo nun **foro** e podemos ver todos os posts, é moi importante que incluades unha foto no voso perfil (se non sabedes como facelo, tedes as **instrucións** abaixo) para poder vernos as caras, xa que é imposible facelo en clase coas máscaras que temos que usar.

Seguíde estes pasos para facer a tarefa no foro. Clicade no **Introduction Forum** e na seguinte páxina, clicade en **“Add a new discussion topic”**. Cando aparece o editor de texto, escribide o email. Na línea de **“Subject” (Asunto)**, escribide o título do traballo **“My introduction”**. Finalmente, premede o botón **“Post to forum”**, así podo velo e corrixilo. Tedes **ata o 12 de novembro** para presentar a tarefa. Despois desa data, o foro quedará pechado. Xa comecei eu o foro coa miña presentación, que podedes usar como **modelo**.

How to upload a photo on your profile

Podedes actualizar o voso perfil cunha foto para que o contacto sexa menos impersoal. Para facelo, tedes que clicar no despregable onde aparece o voso nome arriba a dereita e alí está a sección do perfil (**Profile**). Clicades alí e na nova páxina clicades en **“Editar o perfil”** e atoparedes abaixo de toda esta nova páxina un lugar onde subir o voso arquivo de foto. Rematades premendo o botón **“Actualizar o perfil”**.